# Conservatorio Profesional de Música de Carballo

**PROGRAMACION DE NOVAS TECNOLOXÍAS APLICADAS Á MÚSICA**

**CURSO 2026-2027**

**PROFESOR: Daniel Romar Sambade**

1. INTRODUCCION

A lei organica 2/2006 do 3 de maio, de educacion, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artisticas tenen coma finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formacion artistica de calidade e garantir a cualificacion dos futuros profesionais da musica.

Grao Profesional: A lei organica 2/2006 do 3 de maio, de educacion, establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixara, en relacion cos obxectivos, as competencias basicas, os contidos e os criterios de avaliacion, os aspectos basicos do curriculo que constituen as ensinanzas minimas. Asemade, a citada lei organica no capitulo VI do titulo I, fixa as caracteristicas basicas das ensinanzas profesionais de musica, dentro das ensinanzas artisticas.

A presente programacion da concrecion a dito decreto a nivel de aula, e sera o documento polo que se desenvolvan os diversos parametros do traballo de aula dos docentes deste departamento no Conservatorio Profesional de Musica de A Coruna.

1. OBXECTIVOS

- a) Conecer o funcionamento das principais aplicacions informaticas destinadas ao ambito musical, como son os editores de partituras, secuenciadores e editores de audio dixital.
- b) Utilizar estas ferramentas para o desenvolvemento practico de actividades propostas nesta materia.
- c )Identificar as diferentes maneiras de ser representada dixitalmente a informacion musical.
- d) Sentar as bases dun conecemento a nivel tecnico sobre os parametros do audio dixital.
- e) Conecer a nivel basico os dispositivos de reproducion e gravacion usados nos estudos especializados.
- f) Comprender as terminoloxias usadas dentro da informatica musical e os contornos de tratamento de audio analoxico e dixital.
- g) Entender os conceptos basicos da acustica e as suas aplicacions en diferentes contornos, tanto nos instrumentos como na informatica musical.
- h) Valorar a importancia do conecemento tecnoloxico no desenvolvemento actual do musico profesional.

## 2.CONTIDOS

### 2.1 CONTIDOS XERAIS

-O ordenador. Os seus principios basicos de funcionamento e as suas unidades de medida.

-Componentes do ordenador, perifericos, tipos de conexions e conectividade dos aparellos musicais en xeral.

-O midi e o audio dixital.

-O MP3 e outros formatos de compresion.

-Editores de partituras. Editores de audio dixital.

-Secuenciadores e outras ferramentas integrais.

-Os estudos de gravacion. Dispositivos de gravacion. Dispositivos de reproducion.
-Introducion a acustica xeral.

-Acustica basica dos instrumentos e a sua aplicacion no ambito do audio dixital.

## 2. CRITERIOS DE AVALIACION

1) Realizar exercicios de transcricion nalgun editor de partituras. Con este criterio pretendese comprobar o conecemento do alumnado en relacion co manexo fluido das principais opcions de edicion de partituras.

2) Realizar exercicios de edicion a nivel basico cun editor de audio dixital. Mediante este criterio poderase avaliar a capacidade do alumnado para desenvolverse a nivel basico dentro dun programa de edicion de audio ou secuenciador.

3) Identificar as partes xerais do interior dun ordenador. Con este criterio poderase valorar a habilidade do alumnado para reconecer e xerarquizar os componentes internos basicos dun ordenador.

4) Identificar as partes xerais da periferia dun ordenador. Con este criterio poderase valorar a habilidade do alumnado para reconecer os componentes externos basicos que se poden conectar a un ordenador.

5) Describir o funcionamento dos principais aparellos que integran un estudio musical profesional. Con este criterio de avaliacion tratarase de comprobar o conecemento do alumnado sobre a variedade e a funcionalidade dos diferentes elementos constitutivos dun estudio de gravacion profesional.

3. PROCEDEMENTOS DE AVALIACION

A avaliacion vai ser continua e integradora, cun caracter formativo e orientador do proceso educativo. Os instrumentos para avaliar van ser a observacion e seguimento semanal dos alumnos e exames teorico-practicos durante o trimestre.

As calificacions van ser de 1 a 10, sendo necesario o menos un 5 para aprobar.

Para superar o curso ordinario sera necesario aprobar o terceiro trimestre. A nota final sera a media das notas dos mesmos .

Ao longo do curso, nas reunións do departamento, os profesores revisarán de forma permanente o grao de cumprimento desta programación así como os resultos os académicos dos alumnos, tendo en conta tanto os obxectivos e contidos, como as características individuais de cada un dos alumnos: avaliación inicial, atención nas clases, tempo dedicado, condicións,capacidades, etc. O profesor informará aos alumnos e aos seus pais do grao de cumprimento dos mínimos esixidos, dos criterios cos que van ser avaliados e da sua evolución. Como guía xeral para a consulta do alumnado a través desta programación, os mínimos esixibles fundamentaranse en demostrar de maneira suficiente e autónoma a comprensión dos contidos relacionados cos obxectivos a, b, c e f deste programa.
Así mesmo, tentarase manter un contacto continuo co resto dos departamentos para ter unha visión global do desenvolvemento de cada alumno.

PRIMEIRO TRIMESTRE

Tema 1: Aplicacion da informatica

Tema 2: Informatica basica

-Exame 1 (75%) -Proba practica: abrir a CPU e identificar os principais componentes (25%)

Tema 3: Audio

dixital Tema 4: MIDI

-Exame 2 (75%) -Proba practica: conexion de dous teclados MIDI (25%)

Tema 5: Audio e conexions

Tema 6: Estudos de grabacion

-Exame 3 (50%) -Probas practicas: (50%)

1: identificar diversos conectores 2: identificar componentes da mesa de mezclas 3: realizar a conexion dunha configuracion dada

Tema 7: Acustica xeral Tema 8: Acustica dos instrumentos

-Exame 4

5.1.2 SEGUNDO TRIMESTRE

Tema 9: Finale -Probas practicas:

1: Escribir unha partitura que tena: ligaduras, articulacions, alteracions, cambios de clave e de compas.

2: Escribir unha partitura do instrumento propio con piano. Exportar como midifile.

3: Escribir unha partitura de orquestra. extraer partes. 3º TRIMESTRE

Tema 10: Adestramento auditivo e instrumental -Proba practica: escribir un tema en Band-in-a-box (30%)

Tema 11: Secuenciadores - Cubase -Proba practica: realizacion dun proxecto que inclua: (70%)

Grabacion MIDI Edicion midi: cambios de tempo, escritura Grabacion audio Edicion audio Video

4. MEDIDAS DE RECUPERACION

As diferentes probas realizadas ao longo dos trimestres, terán cada unha delas a súa correspondente recuperación no horario correspondente á materia de novas tecnoloxías; o resto da clase que non teña que realizar esta proba realizará exercicios propostos polo profesorado relacionados cos contidos que están a estudar nese momento. Para a superación destas probas de recuperación a nota mínima será dun 5.
O alumnado que chegado o fin do terceiro trimestre non superou algunha das probas (que estarán agrupadas por épocas reflexadas nos contidos), terá a oportunidade da realización dun exame final coa parte ou partes suspensas.
Para unha avaliación positiva na materia é preciso ter como nota mínima un 5.

5. PROBAS EXTRAORDINARIAS DE XUÑO

Os alumnos con calificacion inferior a 5 na avaliacion ordinaria de xuño teran dereito a unha proba obxectiva a finais do mesmo mes que consistira nun exame teorico-practico dos contidos traballados durante o curso.

6. ACCESOS A proba de acceso a un curso superior vai consistir en:

- Proba practica (20 % da nota): Conexion e amplificacion de dous aparellos MIDI. Vanse utilizar dous teclados, un equipo de alta fidelidade e os cables necesarios - Proba teorica ( 40 % da nota): Proba escrita de oito preguntas sobre os temas do apartado 5.1.1

- Escritura de partituras (40 % da nota): Transcripcion dunha partitura co programa Finale que podera ter: acordes, articulacions, expresions, matices, ligaduras de prolongacion e de fraseo, notas de adorno, tresillos ou cinquillos, engadir e borrar compases, escritura en capas, formateo e exportacion da partitura.

O tempo de realizacion da proba sera de media hora.

7.RECURSOS DIDÁCTICOS (METODOLOXÍA)

O ensino da asignatura de Novas tecnoloxias ainda que colectivo, vai ter un marcado caracter individual. Ao poder dispor dun ordenador por alumno cada alumno vai levar o seu propio ritmo de aprendizaxe, sempre dentro da unidade didactica correspondente. Como un so curso non e dabondo para dominar un tema moi amplo, o obxectivo principal vai ser fomentar a autonomia do alumno e despertar o seu interese. Todo isto vai ser

levado a cabo a traves de actividades feitas en clase relacionadas coas unidades didacticas, realizadas de xeito persoal sen desdenar a axuda doutros companeiros. O enfoque vai ser eminentemente practico.

## 8. ATENCION Á DIVERSIDADE

O alumnado do Conservatorio habitualmente esta dentro dun nivel sociocultural e economico medio-alto, cunha gran capacidade de traballo pois ten que compaxinar os seus estudios de musica cos de ensinanzas xerais.

As motivacions para estudiar no Conservatorio son distintas e poden variar conforme se suceden os cursos. Os motivos polos que inician os seus estudios musicais poden ser: por iniciativa dos pais, por vocacion, como actividade de entretemento, por inercia dun grupo de amigos, etc. Enton, teremos un alumnado diferente en canto a motivacions, aptitudes e ritmos de traballo polo que sera de vital importancia a atencion a diversidade do alumnado para adapterse as suas necesidades e realizar unha accion educativa eficaz. A via para o tratamento da diversidade e a Adaptacion Curricular, conxunto de accions dirixidas a adecuar o curriculo as necesidades dun alumno ou grupo determinado.

Dependendo das circunstancias que se presentan na aula, o profesor podera plantexar as seguintes estratexias:

- Adaptacions domaterial didactico llque ofreza nunha amplia gama de actividades didacticas que respondan os diferentes graos de aprendizaxe.
- Variacions de metodoloxia, para adaptala as necesidades de cada alumno.
- Proponer actividades de traballo diferenciadas. O profesor fara unha analise dos contidos da materia e preparara actividades con distinto nivel de dificultade que permitan tratar estes mesmos contidos con esixencias distintas.
- Organizar o traballo de forma flexible e con ritmos distintos de aprendizaxe.
- Acelerar ou frear o ritmo de introduccion dos novos lcontidos adaptandose ao alumno individualmente. A adaptacion dos obxectivos e por tanto dos contidos tera que respetar os minimos esixibles fixados na programacion.